

Namberguán

Euloxio R. Ruibal

Edicións Laiowento. 117 páxinas

Este guión de cinema, que se asenta en alicerces de fasquía mítica, aínda que dotados de persoal tratamento e contemporánea degradación, introducenos cun nesgo cómico no noso incipiente e desleigado mundo das finanzas. Ironía, humor, sátira e parodia emanen do xogo dialéctico en-



tre realidade e apariencia. Máscaras e disfraces, equívocos e bromas, enredos e peripecias, fan choutar os resortes do fenómeno cómico, e propician a posibilidade de vernos a nós mesmos. Por outra banda, un considerábel diálogo intertextual, quer paródico, quer analóxico, inza o guión.